

INVENTARIO ILUSTRADO DE DINOSAURIOS

Texto de VIRGINIE ALADJIDI

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartón. 21,5 x 30 cm. 72 páx. 18 €.

Inventario ilustrado de dinosaurios (galego)

ISBN 978-84-16721-19-1. Factoría K de Libros. Ciencia.

Inventario ilustrado de dinosaurios (castelán)

ISBN 978-84-16721-18-4. Factoría K de Libros. Ciencia.

Inventari il·lustrat dels dinosaures (catalán)

ISBN 978-84-16804-44-3. Factoría K de Llibres. Ciència.

Dinosaurioen Inbentarioa Irudiduna (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-039-3. Kalandraka - Pamiela etxea. Zientzia.

Inventário ilustrado dos dinossauros (portugués)

ISBN 978-989-99583-5-7. Factoría K de Livros. Ciências.

Hai 230 millóns de anos apareceron os dinosaurios.

E hai 66 millóns de anos caeu, no que na actualidade é México, un meteorito que podería ser responsable en parte da súa extinción.

Mais desapareceron por completo? En absoluto:


as aves de hoxe en día son as súas descendentes...

Unha pequena historia da vida na Terra, dende as súas orixes hai 4300 millóns de anos, é o punto de partida do "Inventario ilustrado de dinosaurios", que reúne 47 especies agrupadas en períodos xeolóxicos: dende o Triásico, con exemplares como o *Mussaurus patagonicus*; seguindo polo Xurásico coa presenza do *Diplodocus carnegii*; ata o Cretáceo, cando habitou o *Tyrannosaurus rex*.

A doutora en Paleontoloxía Claire Peyre de Fabrègues, do Museo Nacional de Historia Natural de París, explica nunha entrevista os avances realizados dende os anos 90, coas novas tecnoloxías. Así, descubrir que algúns dinosaurios tiñan plumas -de aí o seu parentesco coas aves- foi unha das principais novidades.

Lonxe quedan aqueles incipientes coñecementos que xerou o achado dos primeiros fósiles por parte do investigador británico Richard Owen. As 700 especies de dinosaurios identificadas ata o momento poderían aumentar considerablemente porque "aínda quedan moitísimas por descubrir", afirma Claire Peyre.

Un libro para estimular a curiosidade dos pequenos -e non tan pequenos- lectores, entre os que quizais xurdan futuros paleontólogos, técnicos de laboratorio ou mediadores científicos, que aquí dispoñen de datos sobre a clasificación, descubrimento e descrición dos principais dinosaurios. As ilustracións, ao estilo dos antigos cadernos de campo, son o resultado de combinar o estudo de esqueletos, imaxes científicas e reconstrucións, coa particular interpretación artística de Emmanuelle Tchoukriel.




- **Temática:** catálogo con 47 clases de dinosaurios.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** cada lámina presenta ilustracións, nome científico, clasificación e descrición; relación de lugares onde ver dinosaurios preto de Galicia; outros títulos da serie: "[Inventario ilustrado de animais](#)", "[Inventario ilustrado de animais con cola](#)", "[Inventario ilustrado dos mares](#)", "[Inventario ilustrado das árbores](#)", "[Inventario ilustrado de insectos](#)", "[Inventario ilustrado das aves](#)" e "[Inventario ilustrado de flores](#)".

Virginie Aladjidi

Durante anos traballou en revistas xuvenís e editoriais. Actualmente dedícase a crear coleccións de libros e textos en colaboración con Caroline Pellissier. <http://virginiealadjidi.blogspot.com>

Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica. <http://tchouk-tchouk.blogspot.com>



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com